

ENTREVISTA



O sistema literario en Galicia é moi cativo, e hai críticos que nunca escriben mal dos demais”



“Non creo que a Carvalho Calero se lle adique o Día das Letras; aínda é unha figura moi incómoda”



“Non me gustan as traducións, teño que ler en idiomas que non impliquen intermediarios”

”

Henrique Dacosta

“Escribo por impulsos, non son un funcionario da literatura”

HENRIQUE DACOSTA É UN DOS ESCRITORES FERROLÁNS MÁIS IMPORTANTES DA ACTUALIDADE, AUTOR DE NOVELAS COMO “OS DESHERDADOS”, “O PREZO DA TENTACIÓN”, RELATOS, ARTIGOS E UNHA HISTORIA DE ESCRITORES DE FERROL DENTRO DA LITERATURA GALEGA. DA SÚA TRAXECTORIA E DE NARRATIVA FALAMOS NAS SEGUINTE LIÑAS.

TEXTOS: David Dapena | FOTOS: Kiko Delgado

Aí. En 1992 gañaches o Premio Carvalho Calero por Mar ao fondo, que cambiou dende entón ata hoxe na túa traxectoria literaria?

HD. Todo e nada. Sigo nesa constante procura sen saber onde está a meta. O corazón dicíame que o meu traballo tiña que ser en galego reintegrado, por historia e proximidade con Portugal. A efectos prácticos vin que no proceso literario non tiña cabida agás que me plantexara ter o meu referente en Portugal.

Esteticamente non cambiaron tanto as cousas. Creio que o meu pecado é ser demasiado formalista e pulcro coa forma. Traballar moito a palabra e o idioma ten consecuencias para o lector. Ás veces non sei se prefiro as distancias curtas, o conto, que as longas, a novela; iso aínda non o controlo. Tematicamente tampouco atopo argumentos con facilidade. Teño que ter claro un argumento para escribir, un “leit motiv” como outros autores como Agustín Fernández Paz.

Aí. Hai unha gran autoesixencia coa túa obra?

HD. Creio que si, polo menos o intento.

Aí. Que tal é a túa relación coa crítica?

HD. Xeralmente boa, estou contento. Pero o noso sistema literario é tan pequeno que

hai moito crítico que non critica, todo está ben e hai un elemento de “amiguismo” considerable. Hai críticos aos que nunca lles vin unha mala crítica.

Aí. Cres que a túa obra non é mais coñecida por non estares noutra cidade máis “céntrica”, e non só xeograficamente, que Ferrol?

HD. Pode ser. Tamén teño claro que o feito de practicar durante anos o reintegracionismo pechoume portas. Logo, se fago autocritica, recoñezo unha certa preguiza. Escribo por impulsos, non son un funcionario da literatura.

Aí. Como está agora a túa fase creativa?

HD. Pois teño un par de cousas rematadas, unha novela e un libro de relatos, entregadas en editoriais e en espera, o que me leva a preguntarme se paga a pena. A situación social é a que é e a cultural, o mesmo. Ademais, agora ando con colaboracións en prensa, as clases no instituto, un club de lectura, así que se xunta o persoal co colectivo. En xeral, estou un pouco desencantado, pero sen renunciar ao meu traballo. Para estar nun primeiro plano tes que gañar un premio...

Aí. Ti ganaches dúas veces o Carvalho Calero. Serviuche para algo?

HD. Non. O digo medio de broma e medio en serio, pero o premio non vale nin para traspasar As Pías.

Aí. Falando de Carvalho, as institucións celebraron o seu centenario como é debido?

HD. Creio que non, iso que a exposición sobre a súa vida está bastante ben. Se comparamos o trato dado co centenario de Torrente Ballester, a desproporción é evidente. En xeral o peso da cultura española é superior pero e que ademais falamos de Carvalho, unha figura incómoda dentro do propio sistema literario galego.

Aí. Adicaránlle algunha vez o Día das Letras a Carvalho Calero?

HD. Non o creo. Simplemente pola súa militancia lusófona e tendo en conta quen preside na actualidade a Real Academia Galega.

Aí. O teu labor crítico levoucha a publicar Ferroláns na Historia de Literatura Galega. Tiña algo de reivindicación de unha tradición non sempre destacada?

HD. Si, aínda que sexa un encargo, servíume para facer máis do que eu pensaba. Demostrar que desde Ferrol, e a comarca se fixo e fai literatura en galego con normalidade. Hai unha ampla e digna representación desde a idade media, con momentos brillantes como a relación das Irmandades da Fala co Toxos e Froles nos anos 10 do século XX, con aquelas representacións teatrais e o grupo de declamación con Charlón, Hermida, Balás, Comellas Coimbra –o mestre de Carvalho–, ou outros como o propio Xaime Quintanilla. Con este traballo descubrín cousas que descoñecía.

Aí. Estás a levar o club de lectura en galego da Biblioteca Central, que tal resulta?

HD. É unha boa experiencia, xente moi distinta que te axuda a ver certos libros doutra maneira. É un exercicio interesante.

Aí. Que autores te impulsaron a escribir o cales les con máis frecuencia?

HD. Teño que dicir que a min gústame ler en idiomas que coñezo, no orixinal, non me gustan as traducións, os intermediarios entre o autor e o lector. Son dos que pensa iso de “traduttore traidore”. Dito isto, Otero Pedrayo marcóume moito co seu barroquismo pero hoxe non é dos meus preferidos. Actualmente gústame moito Antón Riveiro Coello. En portugués, Eça de Queiroz nunca defrauda, todo é bo, e xa, en castelán, sempre regreso a Alejo Carpentier, a sinxeleza e pulcritude de Delibes ou o propio Vargas Llosa e o seu modo de facer a súa arquitectura narrativa.